



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: Alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria no vindeiro curso escolar.

Asignaranse os libros que estea dispoñibles no fondo solidario do centro:

1. Ao alumnado que SOLICITE O FONDO SOLIDARIO, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata esgotar existencias
2. Terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

Esgotados os libros dispoñibles no Fondo solidario, o centro adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir o seguinte:

Contía das axudas:

| | |
|--|-----------------|
| Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € | 6 libros |
| Alumnado con renda per cápita familiar entre 6.000 € e 10.000 € | 4 libros |
| Alumnado tutela Xunta ou discapacidade igual ou superior ao 65% | 6 libros |

ADQUISICIÓN LIBROS DE TEXTO:

Contía das axudas:

| ALUMNADO | | | |
|--|-------------------|---|--|
| 1º e 2º EP | | renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € | 210€ |
| | | renda per cápita familiar entre 6.000 € e 10.000 € | 140€ |
| Matriculado en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou discapacidade igual ou superior ao 65% | | | 275€ |
| Alumnado tutela Xunta | | | O maior correspondente ao ensino e curso. |
| NON SE TEN EN CONTA A RENDA PER CÁPITA | | | |
| Alumnado necesidades específicas de apoio educativo | 3º, 4º, 5º, 6º EP | renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € | 210€ |
| | | renda per cápita familiar entre 6.000 € e 10.000 € | 140€ |
| | ESO | renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € | 240€ |
| | | renda per cápita familiar entre 6.000 € e 10.000 € | 160€ |

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR: Alumnado matriculado en Educación Primaria e en ESO con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€

Contía das axudas:

A contía da axuda será de **50€**

O alumnado en garda ou tutela pola Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% recibirán esta axuda con independencia da renda.



SOLICITUDE:

VÍA ELECTRÓNICA PREFERENTE: será necesaria a presentación **dunha solicitude por cada alumno/a**. A través da ligazón: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou <https://sede.xunta.gal>. **Ata o día 19 de xuño** (este incluído).

PRESENCIAL (DE XEITO EXCEPCIONAL): A **solicitude será ÚNICA** para todos as fillas/os **admitidas no mesmo centro docente** no curso 2020/21 e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no curso 2020/21 e **ata o día 19 de xuño** (este incluído).

PRAZOS:

- **Entrega de solicitudes:** ata o 19 de xuño (incluído)
- **Devolución libros curso 2019/20:** ata 7 de xullo (7 de setembro, para alumnado ESO con materia pendentes)
- **Prazo para gravar solicitudes:** ata o 6 de xullo
- **Publicación listaxes provisionais:** 10 de xullo
- **Prazo reclamar as listaxes provisionais:** 11 e 12 de xullo
- **Prazo para gravar reclamacións:** 17 de xullo
- **Publicación das listaxes definitivas:**
 - De EP (3º, 4º, 5º e 6º): o 20 de xullo
 - De ESO (1º, 2º, 3º e 4º): o 14 de setembro

NOTA: O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2020/21 deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado actualmente.

ENTREGA POLO CENTRO DOS LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2020/21

- 3º, 4º, 5º, 6º EP: o día que se publique a listaxe definitiva ou o día seguinte; tamén poderá pospor ata o inicio de curso
- ESO (1º, 2º, 3º, 4º): do 16 de setembro ata o 25 de setembro

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido ou recibido do fondo solidario no curso 2019/20
2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable
3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto
4. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite